

28 e 29 de maio **PRIMEIRAS XORNADAS DE PREHISTORIA E ARQUEOLOXÍA DO VAL MIÁZOR**, no Auditorio Lois Tobío de Gondomar. Matricula gratuita. Horas homologables para profesores. Tema "*25 anos do descubrimento do xacemento paleolítico de Chan do Cereixo*".

[Descarga aquí o boletín de inscrición](#)

[Descarga aquí o programa completo das Xornadas](#)

O municipio de Gondomar é rico en xacementos arqueolóxicos. Do paleolítico apareceron en Chan do Cereixo máis de 200 ántis de cuarcita tallada. Máis coma a de Chantón, petroglifos como o de Pedra da Moura e castros como o de Xián indácanos que estas ricas terras foron testemuña de asentamentos desde épocas remotas.

En 1978 o arquitecto **Xaime Garrido** deu a coñecer a existencia de ántis paleolíticos arcaicos na chaira de **Chan do Cereixo**, en Portavedra (Gondomar), a uns 350m sobre o nivel do mar. Dando conta pormenorizada da micromorfoloxía do terreo e outros detalles de interese científico, que demostran a súa grande formación humana. O que desde entón se vén denominando como xacemento paleolítico de **Chan do Cereixo** foi incorporado á lista destas áreas arqueolóxicas, e precisamente atópase no centro dunha zona especialmente sensible, como é o sur das provincias de Pontevedra e Ourense e preto do ben coñecido xacemento das Gándaras de Budiño, hoxe desaparecido, e que foi escavado por Emiliano Aguirre, actual director do Proxecto de Investigación de Atapuerca (Burgos).

Despois de 25 anos do seu descubrimento, **Chan do Cereixo** segue a ser o único xacemento no que aínda non se realizou ningún tipo de acción arqueolóxica encamiñada ao seu estudo, o que supón unha esperanza ante a desaparición dos xacementos clásicos do noso territorio, pola construción de diversas infraestructuras: campos de fútbol, polígonos industriais?

Información

- Secretaría: Eduardo Méndez e Rosana Estévez
- Información: teléfonos 605 391 369 / 629 828 382
- Matrícula aberta: enviar boletín de inscripción ao Apartado 30, 36380 de Gondomar ou ben a direccion@minhor.org
- As horas serán homologadas pola Consellería de Educación. Entregarase título acreditativo.
- Organizan: IEM e AS-PG
- Promove: Concellería de Cultura do Concello de Gondomar
- Colaboran: Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e Edicións do Cumio